

COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE DEREITO ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 6 DE XUÑO DE 2018

Acórdase por asentimento¹:

- 1º. Aprobar a acta da reunión ordinaria do día 27 de febreiro de 2018.
- 2º. Validar a actualización correspondente ao Plan Operativo de Información Pública.
- 3º. Manter o actual Plan de promoción do Centro.
- 4º. Validar o programa e data de celebración do Curso Cero, do Curso 3.5 e da Xornada de aollida do Mestrado Universitario en Avogacía.
- 5º. Aprobar o Informe de seguimento do PAESU correspondente ao curso académico 2017-2018 e a proposta de PAESU para o curso académico 2018-2019.
- 6º. Validar o Informe de Seguimento da Certificación do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Dereito e delegar na Decana da Facultade a introdución das modificacións que procedan.
- 7º. Delegar na Coordinadora do Grao e na Vicedecana de Organización Académica e Profesorado a elaboración dun informe coas principais incidencias relativas á docencia e que se someterá a debate na vindeira reunión da Comisión de Calidade.

Ourense, 7 de xuño de 2018



Concepción Martínez Martínez
Secretaria da Facultade de Dereito

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión de Calidade da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 6 de xuño de 2018, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 7 de xuño de 2018.

Concepción Martínez Martínez
Secretaria da Facultade de Dereito

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Consello de Goberno de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

¹ Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.